

ACTA

En Arzúa, a 30 de novembro de 2017.

Sendo as 10.20 horas, reúnense no baixo do edificio municipal multiusos, nomeado “Terra do Queixo”, sito na rúa Padre Pardo, os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará a **proba teórica** do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar a persoa que desempeñará o posto de traballo de Educador familiar, na modalidade de funcionario interino, para realizar as funcións previstas na Base Segunda das que rixen a oposición, cunha xornada ordinaria de trinta e sete horas e media semanais, durante un período de tempo de tres anos a contar desde a data da toma de posesión da persoa que resulte seleccionada; e iso de conformidade coas Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 16 de xullo de 2017.

Asisten a este acto os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

- Presidenta: D^a. María Teresa Gómez Cea (*educadora familiar do Concello de Boimorto*).
- Vogais:
 - D^a. Guadalupe Vázquez Ascariz (*traballadora social do Concello de Toques*).
 - D^a. Ana Vallo Camba (*axente de emprego e desenvolvemento local no Concello de Boimorto*).
 - D^a María Lage Vázquez (*Mestra de galego do IES de Arzúa*).
- Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*Secretario do Concello de Arzúa*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público--, a presidenta procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de levar a cabo a realización do primeiro exercicio dos dous de que consta a oposición, cuxo exercicio consistirá en “*responder a un cuestionario de trinta preguntas, tipo test, sobre os contidos do temario que se recolle no Anexo I das Bases que rixen a oposición*”.

Para o cal, pola presidenta e por as dúas primeiras vogais, elaboráronse -con anterioridade ao comenzo deste exercicio, desde as 9.00 horas ata as 10.00 horas- as trinta cuestións en que consistirá dito exercicio; de maneira que cada cuestión formulada tivera catro respostas alternativas, sendo só unha de tales respostas a considerada correcta.

E así, unha vez efectuadas as fotocopias suficientes dos nove folios que conteñen as trinta preguntas elaboradas, incluíndo tamén dúas preguntas de reserva, procedeuse a facer entrega de ditas fotocopias a cada un dos cincuenta aspirantes que compareceron a realizar este exercicio (*dos cento vintecinco que figuraban na lista definitiva de admitidos*); facéndolles saber o secretario da Comisión Seleccionadora:

- Que deberían marcar cun círculo, sobre as fotocopias facilitadas, cal era en cada caso a resposta correcta.
- Que se valoraría con 1 punto cada resposta correcta, restando 0,25 puntos cada resposta incorrecta, mentres que as respostas en branco non puntuarían nin restarían.
- Que será necesario obter unha puntuación de 15 puntos sobre 30 posibles, para superar este exercicio.

- Que a corrección de todos os exercicios será realizada na mañá do día de hoxe.
- Que as puntuacións obtidas por cada aspirante se recollerán na acta que se estenda desta reunión, que será publicada no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do concello, a ser posible no día de hoxe.
- Que o tempo máximo para responder ás trinta preguntas elaboradas, sería de 45 minutos, desde as 10.40 horas ata as 11,25 horas.

Sendo dito cuestionario o que deseguido se transcribe; figurando tamén as respostas correctas, para coñecemento dos aspirantes que realizaron dito exercicio:

1.- Os instrumentos do plan de traballo familiar inclúen:

- a) A ficha familiar, avaliación inicial, proxecto de intervención e avaliación final.
- b) A ficha familiar, proxecto de intervención, rexistro de actuacións e avaliación final.
- c) A ficha familiar, proxecto de intervención, avaliación continua e rexistro de actuacións.
- d) A ficha familiar, a avaliación inicial, proxecto de intervención, avaliación continua, rexistro de actuacións e avaliación final

2.- Para poder considerar un comportamento como acoso escolar deben cumprirse os seguintes criterios diagnósticos:

- a) A existencia de intención de facer dano.
- b) A repetición das condutas agresivas.
- c) A duración no tempo.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

3.- ¿Cal destas respostas é unha competencia compartida do educador familiar cos servizos sociais comunitarios?

- a) Xestionar, programar e avaliar proxectos e recursos que incidan no benestar das familias.
- b) Avaliación inicial das situación de dificultade a nivel familiar e comunitario.
- c) Incorporación da perspectiva integrada de xénero nos procesos socioeducativos dirixidos ás familias.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

4.- O acosador proactivo

- a) Actúa por iniciativa propia e soe ter un comportamento ansioso, con baixa autoestima e poucas habilidades sociais.
- b) Reacciona de maneira agresiva cando se sente atacado porque non sabe manexar doutra forma a rabia ou a tristeza.
- c) Actúa por iniciativa propia e soe ter un comportamento impulsivo, disruptivo, dominante ou antisocial.
- d) Ningunha das anteriores respostas son correctas.

5.- Tendo en conta os diferentes actos agresivos nos que se manifesta o maltrato, podemos realizar a seguinte taxonomía dos mesmos:

- a) Maltrato físico, psicolóxico e económico.
- b) Maltrato físico, psicolóxico, sexual e socioeconómico.
- c) Maltrato físico, psicolóxico e sexual.
- d) Maltrato físico, psicolóxico ou emocional, sexual e económico.

6.- As fases “tradicionalis” do deseño dunha intervención socioeducativa son:

- a) Estudio do colectivo e contexto no que se pretende intervir, definición de obxetivos da intervención, desenvolvemento metodolóxico e avaliación da intervención.

- b) Estudio do colectivo e contexto no que se pretende intervir, definición de obxetivos da intervención, selección de contidos, recursos e avaliación da intervención.
- c) Estudio do colectivo e contexto no que se pretende intervir, definición de obxetivos da intervención, selección de contidos, desenvolvemento metodolóxico e avaliación da intervención.
- d) Estudio do colectivo e contexto no que se pretende intervir, definición de obxetivos da intervención, selección de contidos, desenvolvemento metodolóxico, recursos e avaliación da intervención.

7.- Conforme ao artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, as Ordenanzas das Corporacións

Locais publicanse:

- a) No Boletín Oficial da Provincia.
- b) No boletín Oficial da Comunidade Autónoma a que pertenzan.
- c) No Boletín Oficial da Provincia e no boletín Oficial da Comunidade Autónoma a que pertenzan.
- d) Ningunha é correcta.

8.- A Orde de protección nun caso de violencia de xénero:

- a) Recolle medidas de carácter penal, implícitas na orde de protección.
- b) Non recolle medidas de carácter civil, que aparecen recollidas na orde de protección.
- c) Non habilita á muller para solicitar as axudas económicas existentes, asistencia social, asistencia xurídica, asistencia psicolóxica e calquera outra asistencia que recolle a lei.
- d) Todas son incorrectas.

9.- ¿Cales son os elementos constitutivos do Municipio que gardan paralelismo cos do Estado e a Provincia?

- a) Territorio e poboación.
- b) Territorio, poboación e organización.
- c) Poboación e organización.
- d) Só territorio.

10.- Os Municipios que han de incluír a prestación de servizos sociais entre as súas competencias son aqueles de:

- a) Máis de 40.000 habitantes.
- b) Máis de 20.000 habitantes.
- c) Menos de 20.000 habitantes.
- d) Máis de 10.000 habitantes.

11.- Según o artigo 22 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, non corresponde ao Pleno:

- a) O control e fiscalización dos órganos de goberno.
- b) A aprobación inicial do planeamento xeral e dos plans urbanísticos.
- c) Dirixir o goberno e a administración municipal.
- d) A aceptación da delegación de competencias feita por outras Administracións Públicas.

12.- A intervención ante un caso de maltrato a menores dende os servizos sociais do Concello de Arzúa deberá ser a seguinte:

- a) Nos casos de carácter leve ou moderado establecerase un plan de intervención coa familia,

traballando aspectos educativos, psicolóxicos, sociais ou outros, segundo o caso.

- b) No caso de maltrato grave adoptárase a medida de protección correspondente, poñeranse os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal e prestarase atención terapéutica idónea.
- c) Todos os casos de maltrato a menores, de carácter leve ou moderado e os de carácter grave, deberán poñerse os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal.
- d) As respostas a) e b) son as correctas.

13.- Constatado o maltrato polos servizos sociais do Concello de Arzúa estes actuarán:

- a) En función da tipoloxía do maltrato.
- b) En función da gravidade do maltrato e da urxencia da intervención.
- c) En función da tipoloxía do maltrato e a súa gravidade.
- d) En función da tipoloxía do maltrato, a súa gravidade e a urxencia da intervención.

14.- Enténdese como atención temperá:

- a) O conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ó seu entorno.
- b) O conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos e á súa familia.
- c) O conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos.
- d) Ningunha das tres respostas anteriores é a correcta.

15.- Enténdese por trastorno do desenvolvemento en atención temperá:

- a) Aquelas situacións nas que como consecuencia dunha alteración das estruturas ou funcións corporais prodúcese un retraso ou desviación no desenvolvemento das capacidades, adquisicións e recursos persoais típicos para a idade de referencia.
- b) Aquelas situacións nas que como consecuencia dunha alteración das estruturas ou funcións corporais prodúcese un retraso no desenvolvemento das capacidades na poboación infantil.
- c) Aquelas situacións nas que como consecuencia dunha alteración das funcións corporais e restricións na participación social prodúcese un retraso significativo no desenvolvemento das capacidades do menor.
- d) Aquelas situacións nas que como consecuencia dunha alteración das estruturas ou funcións corporais, restricións na participación social ou calquera outro factor contextual, prodúcese un retraso ou desviación significativos no desenvolvemento das capacidades, adquisicións e recursos persoais típicos para a idade de referencia.

16.- Os signos e sinais que poden facer sospeitar da existencia de situación de violencia de xénero no ámbito familiar son:

- a) Sinais sociais, a actitude da muller e a actitude do acompañante (si é a parella).
- b) A actitude da muller e a actitude do acompañante (si é a parella).
- c) As sinais sociais e a actitude da muller.
- d) Ningunha das tres respostas anteriores é a correcta.

17.- O obxectivo xeral do Programa de Intervención Familiar con unidades familiares nas que se produce violencia de xénero é o seguinte:

- a) Empoderar á muller para que sexa ela a que tome a decisión de romper, respetando o tempo que necesite sen apremiala para que tome a decisión.
- b) Promover a autonomía e o empoderamento da muller para que poida saír da situación de violencia de xénero, ser autónoma e reconstruír a unidade familiar.
- c) Axudar á muller a ver posibles consecuencias da situación de violencia nos seus fillos/as.
- d) Capacitar á muller para que se protexa ela e os seus fillos/as.

18.- Ademais da violencia física, psicolóxica e sexual outras formas de violencia de xénero poden ser as seguintes:

- a) Violencia verbal, emocional, económica, social e espiritual.
- b) Violencia verbal, emocional, económica e social.
- c) Violencia verbal, emocional, social e espiritual.
- d) Violencia verbal, emocional e social.

19.- Cáles son as fases do denominado Ciclo da violencia de xénero?:

- a) Fase de amizade, fase de agresión e fase de denuncia.

- b) Fase de tensión, fase de agresión e fase de denuncia.
- c) Fase de tensión, fase de agresión e fase de conciliación, arrepentimiento o de “luna de miel”.
- d) Ningunha das tres respostas anteriores é a correcta.

20.- ¿Qué características podemos encontrar na entrevista?:

- a) Orientación, motivación, información, asesoramento, terapia, tratamento e seguemento
- b) Que se centra no individuo e nun problema.
- c) Que se establece pola palabra, facilita a comprensión, é un medio profesional e posibililita a empatía.
- d) A autodeterminación, a individualización, o respecto, a aceptación, a actitude exenta de xuízo e o segredo

21.- Son funcións xerais das/os profesionais da Educación Familiar as seguintes:

- a) A avaliación inicial das situación de dificultade a nivel familiar e comunitario e a planificación e execución das accións dirixidas a promover o desenvolvemento integral das familias e a súa participación activa na sociedade.
- b) A intervención socieducativa na comunidade, poñendo especial énfase na colaboración con outros programas comunitarios que interveñan coas familias.
- c) O asesoramento e orientación socioeducativa con respecto a pautas de actuación familiar e o acompañamento socioeducativo no proceso de participación das familias nos recursos da comunidade.
- d) Coordinación cos equipos especializados e o estudo e diagnóstico social da comunidade.

22.- As técnicas para implicar ás familias nunha entrevista en intervención familiar son:

- a) Non tomar notas.
- b) Animar ao entrevistado a facer propostas concretas.
- c) Facer unha síntese do tratado.
- d) As respostas b) e c) son correctas.

23.- O/a educador/a familiar é aquel/a profesional que:

- a) Desenvolve as actuacións educativas propias do Programa de Educación Familiar, formando parte dos equipos especializados.
- b) Desenvolve as actuacións psicosociais propias do Programa de Educación Familiar formando parte dos servizos sociais comunitarios.
- c) Desenvolve as actuacións educativas e psicosociais propias dos servizos sociais comunitarios.
- d) Desenvolve as actuacións educativas e psicosociais propias do Programa de Educación Familiar, formando parte dos equipos interdisciplinares dos servizos sociais comunitarios.

24.- Cáles son as fases da intervención socioeducativa individual/familiar?:

- a) Fase inicial de construción da relación e da demanda, fase de definición e desenvolvemento do proxecto de intervención familiar e fase de peche da intervención.
- b) Fase de desenvolvemento do proxecto de intervención familiar e fase de peche da intervención e redefinición da relación.
- c) Fase previa de valoración da idoneidade do programa, fase inicial de construción da relación e da demanda, fase de definición e desenvolvemento do proxecto de intervención familiar e fase de peche da intervención e redefinición da relación.
- d) Fase inicial de valoración da idoneidade do programa, fase de desenvolvemento do proxecto de intervención familiar e fase de peche da intervención.

25.- O traballo en equipo implica:

- a) Crear uns subsistemas de interdisciplinabilidade, multiprofesionalidade e transdisciplinabilidade
- b) Manter unha actitude obxetiva e neutral cos distintos membros da unidade familiar.
- c) Confidencialidade e respecto coa intimidade da familia.
- d) Ninguna das anteriores é correcta.

26.- ¿Cal destes obxectivos non aparece no III Plan de Igualdade do Concello de Arzúa (2013-

2016)?

- a) Educación e sensibilización.
- b) Benestar social, empoderamento e asociacionismo.
- c) Participación e corresponsabilidade.
- d) Violencia de xénero e saúde.

27.- No Programa de Educación Familiar, dentro das situación de vulnerabilidade darase prioridade a aquelas familias integradas por:

- a) Infancia e adolescencia en situación de risco.
- b) Persoas en situación de dependencia (diversidade funcional, problemas de saúde mental, discapacidades, persoas maiores...).
- c) As respostas a) e b) son as correctas.
- d) Ningunha das tres respostas anteriores é correcta.

28.- As dimensións ou aspectos que deben ser avaliados nun proxecto son:

- a) As características dos usuarios ou beneficiarios, o esforzo, a eficacia e a eficiencia.
- b) As características dos usuarios ou beneficiarios, a eficacia e a eficiencia.
- c) A eficacia e a eficiencia.
- d) O esforzo, a eficacia e a eficiencia.

29.- O/os aspecto/s máis relevante/s nos que a familia debe cooperar co proceso educativo do neno/a é/son:

- a) Neutralizar o apoio afectivo e emocional.
- b) Adoptar unha actitude de control sobre o centro educativo e cara o profesorado.
- c) Establecer una comunicación permanente co profesorado e colaborar nas tarefas educativas que se indican por parte do centro.
- d) Todas as respostas son correctas

30.- Considéranse danos derivados do traballo:

- a) Os accidentes e enfermidades que poda sufrir un traballador.
- b) Enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas en relación co traballo.
- c) Enfermidades profesionais e riscos non laborais.
- d) Calquera lesión que sufra o traballador na súa vida diaria.

PREGUNTAS DE RESERVA

31.- O goberno e a administración municipal corresponde aos concellos , pero, por que elementos están integrados, nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes:

- a) Pleno e o alcalde.
- b) Pleno, o alcalde e os tenentes de alcalde.
- c) Pleno, o alcalde, os tenentes de alcalde e a xunta de goberno local.
- d) Pleno, o alcalde, os tenentes de alcalde e a xunta local de seguridade.

32.- En Atención Temperá, que se entende por risco biolóxico/médico?:

- a) Nenos/as con diagnóstico polo que se sabe que o seu desenvolvemento non vai ser normativo.
- b) Nenos/as que baixo condicións biolóxicas/médicas teñen maior probabilidade de sufrir retraso no seu desenvolvemento.
- c) Nenos/as que, baixo condicións ambientais, teñen maior probabilidade de sufrir retraso no seu desenvolvemento.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

SOLUCIÓNS

| | |
|---------|---------|
| 1.- d) | 16.- a) |
| 2.- d) | 17.- b) |
| 3.- a) | 18.- a) |
| 4.- c) | 19.- c) |
| 5.- d) | 20.- c) |
| 6.- d) | 21.- a) |
| 7.- a) | 22.- d) |
| 8.- a) | 23.- d) |
| 9.- b) | 24.- c) |
| 10.- b) | 25.- a) |
| 11.- b) | 26.- b) |
| 12.- d) | 27.- c) |
| 13.- d) | 28.- a) |
| 14.- a) | 29.- c) |
| 15.- d) | 30.- b) |

PREGUNTAS DE RESERVA

31.- c)

32.- b)

Como resultado da corrección dos cuestionarios realizados, a Comisión Seleccionadora, por unanimidade dos cinco membros integrantes, outorgou as seguintes puntuacións, seguindo para iso o mesmo orde co que figura incluído cada aspirante na lista definitiva de admitidos neste proceso de selección:

| NOME E APELIDOS | Puntuacion proba teórica |
|--|--------------------------|
| Nazaret Suárez Louzao | 27,50 |
| Marta Palacios Raposo | 15,50 |
| Iria Adan Penas | NP |
| Yolanda López Garabatos | NP |
| Lorena Galego Cagide | 19,25 |
| Rebeca Vázquez Bendaña | 18 |
| Raquel Guizán Carballeira | NP |
| M. ^a Dolores Fraga Sánchez | NP |
| María Rial Fernández | NP |
| María Isabel Pombo Rey | 19,50 |
| Adrian Rojo Beizana | NP |
| Natalia Taboada Touzon | NP |
| M. ^a Inmaculada Victorino Dominguez | NP |
| Estela Sánchez Rodríguez | NP |
| Paula Fernández Martínez | 10,25 |
| Lorena Lamas López | 18,25 |

| | |
|--|-------|
| Rocio Vázquez Cereijo | 13,75 |
| Iria Rodríguez Calvo | NP |
| María Hernández Noya | NP |
| Estela Rey Pico | NP |
| Beatriz Miranda Borrajo | NP |
| Beatriz González Segade | 12,50 |
| Zaida María Alonso Rodríguez | NP |
| Laura Fernández Otero | NP |
| Noa López Rodríguez | NP |
| M. ^a Carmen Botana Fernández | NP |
| Sonia Nogueira Cambón | NP |
| M. ^a Belen Sanjurjo Rodríguez | NP |
| Leticia Viéitez Santos | NP |
| Eva Portas Rey | 19,50 |
| Vanesa Mantilla García | NP |
| Nerea Antepazo Alvarez | NP |
| Jesica Lorenzo Cames | NP |
| Lucia Lage Vila | NP |
| Natalia Quintela Alonso | 6 |
| Paula Maseda Prado | NP |
| Rosa Ana Vidal Tubio | NP |
| Silvia Rodríguez Fernández | 22,50 |
| Cristina Varela Suárez | NP |
| Raquel Sesto Rey | 16,25 |
| Cristina Arnosó Cortizas | 14,75 |
| Laura Nunez López | 12,75 |
| Raquel Lorenzo Alvarez | NP |
| Raquel López Fernández | 19,75 |
| Carmen Alvarado Hermilla | NP |
| Gonzálo Silva Brenlla | NP |
| Laura Pacios Camba | 15 |
| Lara Cabaleiro Rodríguez | NP |
| Natividad Tubio Laiño | 23 |
| Laura Caeiro Rey | 17 |
| Manuel Mariño Barreiro | 21,50 |
| Noelia Sánchez Castro | NP |
| Pastora Raposo Varela | 18,75 |

| | |
|---|-------|
| M. ^a Cesleste García Piñeiro | NP |
| Ivan Martínez Fuentes | 14,25 |
| Roberto Casas García | 21,25 |
| Carolina Montero López | NP |
| M. ^a Leonor Faya Angeira | 19 |
| Alexia M. ^a Peteiro Mata | NP |
| M. ^a Ines Paredes Carral | 16,50 |
| Susana Otero Pérez | NP |
| Raquel González Borrajo | 10,25 |
| M. ^a Pilar Cabezal Villamar | NP |
| Jesica Núñez García | NP |
| David Espiñeira Figueroa | NP |
| M. ^a Jose Otero Vaamonde | NP |
| Siara Rey Argerey | NP |
| Monica Sada González | NP |
| María de Bernardo Roca | 15 |
| Noelia Pena Garea | 11,25 |
| Angélica M. ^a Iglesias Mallo | NP |
| Vanesa Pereiro Couso | NP |
| Verónica Castrillón Castro | NP |
| Laura M. ^a Bermúdez Hermo | NP |
| M. ^a Amalia Piedras Fariña | NP |
| Catarina Rodríguez Casal | NP |
| Patricia Otero Fernández | 13 |
| M. ^a Concepción Cochon Núñez | NP |
| Angela Negreira Bardanca | NP |
| Cynthia María Cacheda Cao | 16,75 |
| Alba Fernández Pérez | 11 |
| Ana María Iglesias Rodríguez | 11,75 |
| Mónica Tato Sánchez | NP |
| Eladio Diego Fernández Fernández | NP |
| Sandra Castro Mosquera | NP |
| María Folla Sotelo | 17 |
| Purificación Iglesias Armada | NP |
| María Esther Liñares Lazcorreta | 17,50 |
| Paula Casal Remeseiro | NP |
| Laura Carregal Salgueiro | NP |

| | |
|---|-------|
| Belen López Soto | NP |
| Marta Gil Figueiras | 15,50 |
| Lara Espido Pajares | NP |
| Laura Suarez Rodríguez | 20,5 |
| M. ^a Montserrat Ventureira Rios | 26,25 |
| Leticia López Vázquez | NP |
| Alba Hermida Vázquez | 11,75 |
| Lorena Ramos González | NP |
| Belén Rodríguez Exposito | NP |
| Eva Pérez Curros | 20,75 |
| Mónica Lamas Beceiro | 17,75 |
| M. ^a del Carmen Carricejo Alavés | NP |
| María González Barco | 26,25 |
| Laura Vidal Romero | NP |
| Mónica González Moreno | NP |
| Ana Manuela Nuñez Martínez | NP |
| Amara Insua Lema | 16,25 |
| Eva M. ^a Suárez Rellán | NP |
| M. ^a Teresa López Pérez | NP |
| Noelia Roel Barbeito | NP |
| Enma Gallego Pedreira | NP |
| Laura Toimil Bujones | 16,50 |
| Ana M. ^a Lado Carriazo | 17 |
| Baal García Varela | 22,50 |
| Tania Losada Figueroa | NP |
| Beatriz Antiqueira Pérez | NP |
| M. ^a Isabel Porta Martín | 20,25 |
| Ana de las Mercedes Miguez Regueiro | NP |
| M. ^a Mercedes Carnero Bellón | NP |
| Sandra Picos Sanisidro | 5,75 |
| Rocio Nuñez Rúa | 23,75 |
| Ana Laura Villar Gómez | 21,25 |
| Iria Alen Salgado | 19 |
| Ana Belén Peón López | NP |
| Rosa Zapata Maceiras | NP |

Tras considerar oportuno repasar as puntuacions outorgadas, comprobando de novo os cuestionarios contestados, por aqueles aspirantes que obtiveron unha puntuación próxima aos 15

puntos, que era o límite para non quedar eliminados.

Adoptouse -tamén por unanimidade dos cinco membros da Comisión Seleccionadora- os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos cincuenta aspirantes presentados, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste primeiro exercicio, de carácter teórico da fase oposición.

Segundo.- Facer saber aos catorce aspirantes que non obtiveron a puntuación mínima de 15 puntos, que quedaban eliminados para continuar no proceso de selección, por canto que así se deduce da Base Décima das que rixen a oposición.

Terceiro.- Convocar aos trinta e seis aspirantes que superaron o exercicio teórico, para que comparezan a realizar o exercicio práctico da oposición, o vindeiro día **13 de decembro** (mércores) as **9.30 horas**, nun aula do primeiro andar do edificio municipal multiusos, nomeado “Terra do Queixo”, sito na rúa Padre Pardo; cuxo exercicio consistirá na realización dun suposto práctico determinado pola Comisión Seleccionadora, que estará directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo e co temario incluído no Anexo I das Bases; cuxo exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos, para o cal dispórase dun tempo máximo de sesenta minutos.

Cuarto.- Facer saber aos aspirantes que comparezan a realizar o segundo exercicio, de carácter práctico, que a Comisión Seleccionadora poderá facer uso da previsión contida na Base Décima apartado a), subapartado a.2 (*consistente na lectura, por parte dos aspirantes, durante un máximo de vinte minutos, dos exercicios practicos que realicen, coa facultade de formular preguntas en relación coa exposición do suposto práctico e en relación co temario que figura no Anexo I das Bases*); en cuxo caso comunicaraos aos aspirantes antes de que estes realicen a entrega dos seus exercicios.

Unha vez que a Comisión Seleccionadora valorou os exercicios teóricos, realizados polos cincuenta aspirantes presentados no día de hoxe, e adoptouse os acordos que quedaron transcritos na presente acta; trouxose á vista o escrito remitido no día de hoxe á Comisión Seleccionadora deste proceso de selección, mediante fax desde o Concello de O Barco de Valdeorras, (*que foi recibido no Concello de Arzúa ás 10.14 horas*); a través de cuxo escrito, a aspirante Lucia Lage Vila, con DNI número 34635574-M:

a) Comunica que non lle foi posible acudir á realización do exercicio teórico previsto para o día de hoxe, debido a unha avaría no seu vehículo, ao momento de iniciar a viaxe (remitindo un xustificante do taller onde deixou o vehículo para o seu arranxo), e

b) Pide á Comisión Seleccionadora o poder realizar a proba teórica noutra data e hora que se lle indique.

Tras considerar o exposto por dita aspirante, acordouse -por unanimidade dos cinco membros da Comisión Seleccionadora- desestimar a súa petición, por canto que posiblemente habería outros moitos aspirantes, de entre os setenta e cinco que non compareceron no día de hoxe, que tiveron outros motivos ao seu xuízo xustificados para non vir; e non tería sentido admitir as peticións, que seguramente plantearían, no mesmo ou similar sentido, que a da Sra. Lage Vila, para o suposto de admitir agora a petición de dita aspirante.

Tamén se fai constar que, de entre os cincuenta aspirantes que compareceron a realizar o exercicio teórico no día de hoxe, houbo un exercicio que figura cunha sinatura ilexible e sen que puxera o nome e apelidos, como así se indicaba no cuestionario subministrado. Polo que, por dedución podíaase concluir que pertencía á aspirante María González Barco.

Acordando a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos seus cinco membros integrantes- que non se publicase a presente acta, ata que se comprobase que ese exercicio pertence efectivamente á citada aspirante; para o cal será citada, co obxecto de que -a presenza do secretario desta Comisión Seleccionadora- manifeste se é súa a sinatura non lexible, que figura en cada un dos nove folios que integran ese exercicio; e, en consecuencia, se ese exercicio foi o realizado por ella.

Co cal deronse por rematadas as actuacións que quedaron descritas, ás 14.40 horas do día de hoxe; estendéndose a presente acta, para ser subscrita polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal eu, secretario de dita Comisión dou fe.